

cada no DOG do 02 de febreiro de 2009, esta actividade terá unha baremación de 0,500 puntos.

6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 30, do 12 de febreiro).

7. Modificacións e incidencias.

Tanto a Academia Galega de Seguridade Pública como o Concello de Vigo poderán modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 8 de setembro de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega
de Seguridade Pública

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 9 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 447/2009, interposto por Miguel Lemus Barros e cinco máis.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 447/2009, interposto por Miguel Lemus Barros, Raquel Carballido Reboredo, Jorge Sequeiros Pereira, Rubén Alonso Pérez, José Antonio Vergara Gil e Arturo Lorenzo García, contra as resolucións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polas que se desestiman os recursos de alzada formulados contra a Resolución do 26 de xaneiro de 2009, do tribunal designado para vulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros/as técnicos/as industriais, pola quenda de acceso libre, pola que se publican as puntuacións do segundo exercicio da fase de oposición (DOG número 23, do 3 de febreiro).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49

da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 11 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 4 de xullo de 2008 (DOG número 130, do 7 de xullo) convocouse o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 26 de xuño de 2009 (DOG número 129, do 3 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes a través da Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG número 137, do 15 de xullo).

Unha vez rematado o prazo sinalado na última das ordes referidas, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo de consolidación de emprego, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

A listaxe de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de

Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A listaxe de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión, serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na listaxe de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.

As listaxes definitivas que se publiquen logo de presentación e o exame das emendas presentadas consonte o disposto nos parágrafos anteriores, serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 6 de marzo de 2009 (DOG número 50, do 12 de marzo).

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Ameneiro Prieto, Laura	36126813T	Discap.	16
Amor Cortés, Cristina	32788546E	Libre	15
Chenlo Barreiro, Yolanda	32773583D	Libre	16
Comesaña Ledo, Bruno	53197887Z	Discap.	16
Durán Cabobianco, Stella Maris	36048410G	Libre	14, 15
Fernández Álvarez, Rosa María	76747194N	Discap.	16
García Rosales, María de los Ángeles	53117652A	Discap.	14
Gomez Grille, María del Carmen	33248804G	Discap.	14, 15
Iglesias Carreira, Emilio	78793848B	Discap.	14
Núñez Iglesias, Eduardo	46900421V	Discap.	14
Pereira García, Antonio Guillermo	33308351G	Libre	22
Perez Presa, Begoña de los Ángeles	36041750Z	Discap.	15
Rey Bua, María Vanessa	77402756M	Discap.	16
Román Rodríguez, José Luis	34964798Z	Libre	15
Romero Torrado, María Isabel	33286205F	Discap.	15

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	14	Documento xustificativo exención taxas non válido
Xeral	15	Documento xustificativo exención taxas non cotexado
Xeral	16	Documento xustificativo exención taxas non presentado
Xeral	22	Taxas aboadas fóra de prazo

Resolución do 11 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 4 de xullo de 2008 (DOG número 130, do 7 de xullo) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 26 de xuño de 2009 (DOG número 129, do 3 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes a través da Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG número 137, do 15 de xullo).

Unha vez rematado o prazo sinalado na última das ordes referidas, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral.

RESOLVE:

Aprobar as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

A listaxe de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A listaxe de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión, serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na listaxe de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.